

# LENTA DO REI SOL

Pois conta a Lenda que baixo este castro vive unha Moura. É moi fermosa, ten a pel branca e o cabelo longo e amarelo. Cada mañá, sae a recibir o sol nacente e a invocar o Rei Sol. Pódese escouitar o seu doce canto xusto cando aparecen os primeiros raios de luz. Pero a media noite, esta fermosa Moura volve saír da súa cova en forma de serpe, e sobe ata a Cadeira do Rei Sol. Alí senta, xa en forma de muller, e peitea o cabelo co seu peine de ouro mentres contempla a luarada da noite. A Moura está enfeitizada, e unha vez ó ano, cando o día dura o mesmo ca noite, os valentes que queiran romper o seu feitizo e conseguir así o tesouro que garda baixo o castro, deben agardala sentados na Cadeira do Rei Sol. Cando a Moura, a media noite, sae de debaixo do Cano en forma de serpe e vai reptando ata a rocha, vai pasenío, e vai enroscando co seu corpo o corpo do mozo alí sentado. Vai subindo e apertando, subindo e apertado, subindo e apertando cada vez más, ata ter a súa cabeza fronte a do valente. E aquí chega o momento máis difícil de todos, a Serpe abre a boca e mostra o caravel vermello que garda dentro. Para poder romper o feitizo, o mozo ten que achegar a súa boca á boca da serpe e tomar do seu interior a flor cos seus beizos. Algún mozo o intentou, pero apareceu morto entre as rochas, non foron quen de tomar a flor da boca da serpe e caeron o intentar zafarse da súa presa.

